



Resolución de 13 de maio 2019, relativa á convocatoria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de 2 de abril de 2019, do I Concurso de Podcasts – Radio na biblio, destinado a centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, en colaboración coa Radio Galega (CRTVG), no contexto do PLAN LÍA de Bibliotecas Escolares (Lectura, Información e Aprendizaxe).

Con data 2 de abril de 2019, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos fixo pública a convocatoria do I concurso de Podcasts-Radio na Biblio (en colaboración coa Radio Galega) destinado aos centros públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, integrados ou non no programa Radio na Biblio, que traballan coa radio como ferramenta pedagóxica.

Tratábase, así, de estimular o coñecemento e difusión do patrimonio cultural Galego, mediante o recoñecemento de boas experiencias, a elaboración de produtos radiofónicos enfocados a salientar a riqueza do patrimonio material e inmaterial de Galicia, especialmente vinculado ao medio xeográfico, cultural e humano máis próximo ao centro.

Reunido o xurado para a valoración dos traballos presentados, previsto no apartado 4 da devandita convocatoria, de acordo coa proposta formulada por este xurado, e de conformidade cos apartados primeiro, segundo, quinto e sexto do texto de referencia,

RESOLVO:

Primeiro. Facer pública a relación de centros que resultan galardoados no I concurso de Podcasts-Radio na Biblio, trala selección do xurado na súa reunión do 8 de maio de 2019.

Segundo. Conceder os premios aos centros que se relacionan no Anexo I, polos traballos que se especifican nas distintas modalidades.

Terceiro. Asignar as contías que se sinalan no anexo I aos centros seleccionados, que deberán destinarse a melloras no equipamento e infraestrutura do laboratorio/emisora de radio, que deberá quedar vinculado á Biblioteca do centro. Deste esta dirección xeral facilitarase un impreso para a xustificación correspondente.

Cuarto. Conforme ao previsto no apartado 4 da convocatoria, os podcasts premiados serán difundidos pola Radio Galega a través das súas páxinas www.diariocultural.gal e www.radiogalega.gal; así mesmo, serán difundidos a través dos medios web da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (Bibliotecas Escolares de Galicia e outros).

Asimesmo, o alumnado implicado nos traballos seleccionados, poderán visitar as instalacións da Radio Galega en Santiago de Compostela, tras o acordo previo con esta entidade. Desde a Asesoría de bibliotecas escolares se lles facilitará o contacto pertinente, no seu caso. Da mesma forma, a Radio Galega poderá realizar entrevistas a algúns dos grupos responsables dos traballos seleccionados.

A consellería poderá convocar os responsables dos centros e dos traballos presentados a un acto de entrega simbólica dos galardóns.

Santiago de Compostela, (sinatura dixital)
O director Xeral de Centros e Recursos Humanos
José Manuel Pinal Rodríguez





**ANEXO I – TRABALLOS SELECCIONADOS NO I CONCURSO DE PODCASTS-
RADIO NA BIBLIO**

Modalidade	Definición	Código	Centro	Concello	Provincia	Podcast	Asignación
I	Alumnado de infantil e 1º/2º Primaria	15008490	CEIP Víctor Sáenz	Mazaricos	A Coruña	O mazarico	1.000 €
		36001550	CEIP de Carballedo	Cerdedo-Cotobade	Pontevedra	A lenda de Florentina	1.000 €
II	Alumnado de 3º a 6º Primaria	32014151	CEIP de Vilar de Barrio	Vilar de Barrio	Ourense	A xanela cultural. Especial Letras Galegas	1.000 €
		36009032	CEIP Ramón de Valenzuela	Silleda	Pontevedra	Alto dos Xenerais	1.000€
III	Alumnado de Secundaria	15020911	CPI de Vedra	Vedra	A Coruña	Os Xenerais	1.000 €
		36013576	CPI Manuel Suárez Marquier	O Rosal	Pontevedra	Os Cabaqueiros	1.000 €
		36024628	IES Pedras Rubias	Salceda de Caselas	Pontevedra	Polo río abaixo hai...	1.000 €
IV	Alumnado de BAC, ensinanza de Persoas Adultas ou Ciclos Formativos	15026376	IES Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	As lavandeiras	1.000 €
		<i>Deserto</i>					

